

Resolución do 5 de abril de 2023 pola que se convocan 8 cursos de prevención de riscos laborais en tarefas de atención directa a persoas con dependencia e axuda no fogar e se establecen as bases da convocatoria

O Plan de actuación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) para o ano 2023 recolle no seu eixe 5 "Promoción da prevención, mellora da xestión e redución da sinistralidade" un programa específico dirixido as persoas traballadoras de atención directa a persoas con dependencia na ficha 5.25. Persoal coidador de atención directa a persoas con dependencia e axuda no fogar, xa que se considera que este colectivo presenta unha serie de peculiaridades que fai preciso establecer un programa específico para o mesmo, especialmente no referido á prevención de trastornos musculoesqueléticos (TME). Este programa inclúe o desenvolvemento de accións formativas.

En consecuencia, resolvo:

1. Convocar 8 cursos de prevención de riscos laborais en tarefas de atención directa a persoas con dependencia e axuda no fogar.

Os cursos desenvolveranse conforme as bases que figuran no anexo I desta resolución.

2. A selección do alumnado realizarase previa convocatoria pública coa difusión polos seguintes medios:

- Páxina web do ISSGA.

E, no seu caso, a través de:

- Concellos nos que se van desenvolver os cursos.
- Empresas do sector, etc.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura electrónica

A xerente do ISSGA

Adela Quinzá-Torroja García





ANEXO I

BASES DA CONVOCATORIA DE 8 CURSOS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN TAREFAS DE ATENCIÓN DIRECTA A PERSOAS CON DEPENDENCIA E AXUDA NO FOGAR

1. Identificación dos cursos convocados, duración, número de prazas convocadas, lugares e contido:

Nº de edicións: 8	Nº de horas / edición: 16	Nº de prazas por edición: 15
Prazo de inscrición: dende a publicación da convocatoria ata cinco días antes do inicio do curso (o prazo é ampliable ata alcanzar o número máximo de alumnos/as).		
Lugares e datas:		
Provincia	Concello	Datas
A Coruña	Ferrol	26 de maio, 2, 9 e 16 de xuño de 2023
	Outes	27 de maio, 3, 10 e 17 de xuño de 2023
Lugo	O Incio	23 e 30 de setembro e 7 e 21 de outubro de 2023
	Burela	22 de abril e 13, 20 e 27 de maio de 2023
Ourense	Sarreaus	6, 13, 20 e 27 de maio de 2023
	A Peroxa	7, 21 e 28 de outubro e 4 de novembro de 2023
Pontevedra	Silleda	4, 11, 18 e 25 de maio de 2023
	Tomíño	2, 9, 16 e 23 de setembro de 2023
O ISSGA manterá actualizada na súa páxina web a información sobre as datas, horario e lugares onde se impartirán os cursos.		
Contido:		
1. MEDIDAS PREVENTIVAS FRONTE A RISCOS ERGONÓMICOS (8 HORAS).		
1. Riscos por mobilización de persoas con discapacidade motora (4 horas)		
1. Risco asociado á mobilización manual de persoas		
2. Alteracións do sistema musculoesquelético e a súa asociación coa sobrecarga biomecánica		
3. Identificación dos factores de risco		
4. Estratexia preventiva		
2. Aplicación práctica de técnicas de mobilización de persoas e normas de hixiene postural. Utilización de axudas menores: sabas escorrentes e táboas de transferencia (4 horas).		



2. MEDIDAS PREVENTIVAS FRONTE A RISCOS BIOLÓXICOS (4 HORAS)

1. Precaucións básicas fronte ao risco biolóxico
 1. Tarefas con risco de contaxio de enfermidades
 2. Que facer para evitar contaxios
 3. Accidentes con risco biolóxico. Que facer
 4. Pautas para minimizar a transmisión dos riscos biolóxicos:
 - Transmisión
 - Vías de entrada no organismo
 - Diferentes formas de transmisión
 - Uso de EPI
 - Precaucións
 - Material cortante ou punzante, riscos e precaucións
 - Vacinas: a importancia da inmunización.
2. Aplicación práctica na aula. Medidas preventivas e actuación en cortes e salpicaduras. Uso de luvas, máscara, bata, ...
3. Práctica con EPI:
 1. Posta
 2. Retirada
 3. Limpeza e almacenamento

3. MEDIDAS PREVENTIVAS FRONTE A RISCOS PSICOSOCIAIS (4 HORAS)

1. Esixencias psicolóxicas. Dobre presenza. Control sobre o traballo. Apoio social e calidade de liderado. Compensacións polo traballo.
2. Manexo de persoas con discapacidade cognitiva e patoloxías psiquiátricas
3. Aplicación práctica na aula. Simulación de caso real
4. Efectos psicosociais que se están presentando nos centros de traballo.
5. Práctica de técnicas para a redución do estrés no traballo

2. Obxectivo dos cursos:

Proporcionar unha formación específica ás persoas traballadoras e profesionais do sector en materia de prevención dos riscos laborais inherentes a estas actividades, coa finalidade de fomentar a adquisición de habilidades nesa materia así como dunha cultura preventiva, e diminuír os accidentes laborais no sector.

3. Desenvolvemento dos cursos:

- O ISSGA publicará na súa páxina web (<http://issga.xunta.gal/>), con antelación suficiente, as datas, horario e lugares definitivos onde se impartirán os cursos. Os cursos impartiranse previsiblemente durante os meses de abril a novembro do 2023.
- Os cursos teñen carácter presencial. É obrigatoria a asistencia e puntualidade a todas as sesións presenciais. As faltas de asistencia, non poden superar o 10% das horas de duración do curso aínda que sexan xustificadas, isto suporá a perda do dereito ao certificado de asistencia.





- Horario: o horario dos cursos desenvolverase preferentemente a partir das 16:00 horas, sen prexuízo de que se poida variar para facilitar o desenvolvemento das prácticas ou a asistencia. Os datos relativos ao enderezo do local onde se vai impartir o curso, confirmación das datas de impartición e horario serán comunicados ás persoas seleccionadas.

Así mesmo, na páxina web indicada poderase consultar calquera outra información relacionada co desenvolvemento destes cursos.

4. Persoas destinatarias e distribución das prazas:

Persoas traballadoras maiores de idade con interese na actividade a que se dirixe o curso.

5. Criterios de selección:

No caso de haber máis solicitudes que prazas, os criterios de selección son:

- Grupo con prioridade 1: persoas con vinculación laboral ou formación (previa ou actual) na materia.
Unha vez seleccionado este grupo, a selección entre estas persoas realizarase por orde de inscrición.
- Grupo con prioridade 2: resto de persoal.
Unha vez seleccionado este grupo, a selección entre estas persoas realizarase por orde de inscrición.

Xunto a solicitude de inscrición, a persoa interesada entregará a documentación que acredite a prioridade 1.

6. Solicitudes:

As solicitudes efectuaranse utilizando o formulario que se recolle no anexo II que se atopa dispoñible en formato editable na web do Issga (<http://issga.xunta.gal>). O prazo para presentar as solicitudes remata cinco días antes ao inicio de cada curso, que poderá ampliarse ata alcanzar o número máximo de 15 alumnos/as por curso.

As solicitudes poderanse presentar por calquera dos seguintes medios:

- **Por correo electrónico, ao enderezo issga.formacion@xunta.gal**
- **Por entrega á empresa xestora, información no teléfono 981392209**

Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia do DNI/ NIF / NIE/ Pasaporte
- De ser o caso, documentación xustificativa de pertenza ao colectivo prioritario (epígrafe 5, criterios de selección)



Esixirase un mínimo de 10 alumnos/as por cursos. No caso de non chegar a este mínimo, o ISSGA poderá cambiar as datas previstas de desenvolvemento ou anulalo, o que se comunicará con antelación suficiente ás persoas solicitantes.

7. Acreditación da formación:
Ao remate de cada curso o ISSGA expedirá certificado de asistencia ao alumnado.
8. Control e seguimento das accións formativas:
O control e seguimento das accións formativas realizarase polo persoal técnico do ISSGA.
9. Custo dos cursos e financiamento:
A asistencia a estes cursos será gratuíta para as persoas seleccionadas.





ANEXO II

CURSO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS PARA PERSOAL TRABALLADOR DE ATENCIÓN DIRECTA A PERSOAS CON DEPENDENCIA E AXUDA NO FOGAR		
Concello	Provincia	Datas

DATOS PERSOAIS			
Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	DNI/NIE
Enderezo	Localidade	Concello	Provincia
Código postal	Teléfono	Enderezo electrónico	Data nacemento

DATOS PROFESIONAIS E OUTROS	
	Grupo de prioridade 1 para a selección do alumnado (formación e/ou emprego)
	Vinculación laboral coa actividade:
	Formación relacionada coa actividade:
	Grupo de prioridade 2 para a selección do alumnado (resto do persoal)

DECLARACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> ■ Declaro a veracidade de todos os datos consignados nesta solicitude ■ Xunto copia do DNI/NIE ■ De ser o caso, xunto documentación que acredita que pertenzo ao grupo de prioridade 1 para a selección do alumnado: <p>.....</p> <p>.....</p>

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia - Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia
Finalidades do tratamento	Xestión da inscrición á formación solicitada, control de asistencia e emisión dos certificados de aproveitamento ou asistencia a dita formación. Desenvolvemento de accións formativas, de información e divulgación en materia de prevención de riscos laborais. Captación e difusión das imaxes realizadas durante as actividades. Xestión das listas de distribución para o envío de información doutros cursos, xornadas ou eventos similares que poida ser de interese.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos (Lei 14/2007, do 30 de outubro pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral). Consentimento outorgado pola persoa interesada para a captación e difusión das imaxes da actividade e para o envío de información.





Destinatarios dos datos	Non se prevén comunicacións a terceiros Así mesmo, as imaxes captadas durante a realización das xornadas poderán ser difundidas a través de páxina web institucional da Xunta de Galicia e do ISSGA, informes de actuación e publicacións técnicas destes organismos.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en: https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos Así mesmo, as persoas interesadas poderán retirar o consentimento previamente outorgado dirixindo a súa solicitude a issga.formacion@xunta.gal . A retirada do consentimento non afectará a licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Autorizo o tratamento dos datos para a captación e publicación das imaxes.

Non autorizo o tratamento dos datos para captación e publicación das imaxes.

Autorizo o tratamento dos datos para recibir información doutros cursos, xornadas ou eventos similares que poidan ser de interese.

Non autorizo o tratamento dos datos para recibir información doutros cursos, xornadas ou eventos similares que poidan ser de interese.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE	
Lugar:	Data:

DESTINATARIO

Xerencia do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia

